

O LOCATIVO



Ilustración 2: Veduta dell'Anfiteatro Flavio detto il Colosseo (1776), Giovanni Battista Piranesi.

O Locativo é un caso especial. Utilízase en casos moi concretos en latín. Indicaba **onde** e **cando** sucedía algo. Só quedan restos del na **primeira** e **segunda** declinación.

1ª declinación	2ª declinación
-ae	-ī

Úsase en:

- 1) Cidades: **Romae, Tarenti**.
- 2) Nomes comúns: **domi** “na casa” (*domus*) , **humi** “no chan” (*humus*), **ruri** “no campo” (*rus*).
- 3) **Expresións** fixas con sentido temporal: *domi bellique, domi militiaeque* (“na paz e na guerra”, aínda que literalmente sería “na casa e na guerra” e “na casa e nas milicias”).)

AS CIDADES

Aproveitamos para marcar algo peculiar do latín. En relación coas cidades: non usamos a preposición, pero si mantemos o caso que usaríamos coa preposición:

*Ad Romam venio Romam venio Veño a Roma **Cara a**
 *Ab Roma navigamus Roma navigamus Navegamos desde Roma. **Desde**

E, substituíndo o equivalente de *in* + Ab., usaremos o **locativo** que acabamos de explicar.

*In Roma cum amico sum Romae cum amico sum Estou en Roma cun amigo **Locativo**

EXERCICIOS

1. TRADUCE AO GALEGO OU CASTELÁN:

<i>dominus amicos Romam venire iubet.</i>	
<i>villam Romae habemus.</i>	
<i>nuntii Roma ad insulas veniunt.</i>	
<i>dei amicos Romae semper custodiunt.</i>	
<i>Romae in taberna cum amicis sedere amo.</i>	

2. TRADUCE AO LATÍN

Navegamos cara a Roma	
Non teño unha casa en Roma	
Os deuses son amigos de Roma	
O cabalo leva ao mensaxeiro fóra da casa	
O mestre ordena ao escravo levar una carta a Roma	

O CABALO DE TROIA

Hector mortuus est sed Graeci victoriam non **habent**.

Ulixes, callidissimus vir, consilium **capit**.

Iubet Graecos equum ligneum **aedificare** et Troia **navigare**.

Graeci equum **aedificant**; Troia **navigant**.

Troiani 'Graeci' **inquiunt** 'nunc **fugiunt**.

equus donum deis **est**.

victoriam **habemus**.'

Troiani equum in muros Troiae **trahunt**.

vinum bibunt et gratias deis **agunt**.



Ilustración 3: Detalle del Vaso de Mikonos (s.VII a.C.)

Hector Héctor

Mortuus: morto

Graeci, -orum: os gregos

Victoria, -ae: victoria

Ulixes: Odiseo, Ulises

Callidissimus: moi intelixente, moi astuto.

Murus, -i: muro, muralla.

Consilium capit : urde unha artimaña, trama un plan.

Ligneum: de madeira

Aedifico, -are: constrúo.

Troia, -ae: Troia

Troiani, -orum: troianos

Fugiunt: eles fuxen

Gratias ago, -ere: dou as grazas (+Dat.)

1. IDENTIFICA A CONXUGACIÓN DOS VERBOS DO TEXTO.

2. TRADUCE O TEXTO.